



## As políticas da voz.

### Arte popular e tribal na literatura infantil

Gita Wolf<sup>1</sup>

India

“Se cadra, a primeira vista, as maiorías aparecen como a forza social dominante en cada sociedade. Non obstante, son as minorías as que cambian fundamente as sociedades. Fixérono ao longo da historia e ségueno a facer na actualidade”. O *International Board on Books for Young People* –IBBY– organiza este ano o seu congreso en Santiago de Compostela, España, baixo o tema “A forza das minorías”. En vista do traballo de Tara con colectividades da arte popular e tribal, fun invitada a contribuír, para falar sobre como estes artistas “marxinados” poderían cambiar o curso da literatura infantil.

Para min, a pregunta fundamental que se propón é saber como podemos re-imaxinar a literatura infantil. Que posibilidades existen nun mundo editorial cada vez máis dominado pola grande empresa, as vendas masivas e unha certa uniformidade de pensamento sobre o que é adecuado para un público infantil?

En 1995, cando empezamos a publicar, na India había moi poucos libros ilustrados para nenos. O noso foi maioritariamente a tradición oral, e a noción de literatura infantil chegaba do exterior. Por iso, os libros infantís para nenos indios non adoitaban ser orixinais. Para crear algo que fose orixinal, buscamos ilustradores da India, e o que máis nos entusiasmou foi o potencial que vimos nos artistas tradicionais.

Tratábase de artistas populares e tribais, de comunidades rurais remotas que pintaban consonte certos estilos de interpretación tradicionais. A pesar da existencia de

---

<sup>1</sup> Editora e directora de Tara Books, unha editorial independente con sede en Chennai (India), coñecida pola súa dedicación á creación de libros ilustrados para nenos e adultos dunha excepcional calidade literaria e artística. Gita Wolf é a autora de moitos libros infantís e foi galardoada con varios premios, entre eles o Bologna Ragazzi Award de 2010.



moitas tradicións diferentes, a maioría desta arte proviña de fontes da vida cotiá: a decoración das casas, lugares da comunidade ou lugares de culto. Boa parte desta arte pintábase, e séguese a pintar, en paredes e solos.

Así como pasaba o tempo, as cousas cambiaron por casualidade. Agora, moitos artistas tamén pintan sobre papel e venden o seu traballo. Pero antes de que comezásemos a traballar con eles, case ningún fixera un libro. Analfabetos e pobres, moitos deles encontrábanse por definición fóra dos círculos da corrente dominante na produción de libros. Pero aínda así, mostraban tal abundancia de talento, imaxinación e intelixencia que nos serviu como cura de humildade.

Eliximos traballar con eles por outra importante razón persoal. Estas colaboracións evitaban gran parte das xerarquías ás que nós mesmos pertencemos. Como indios de clase media de fala inglesa, o traballo creativo con estes artistas permitiunos ir máis alá de moitas das limitacións de caste e de clase que implica o idioma. As perspectivas que achegaban estes artistas son moi diferentes a todo o que podíamos idear. Son inestimables na nosa procura de alternativas.

Como artistas tradicionais, tal e como suxire o nome, traballan dentro dunha tradición herdada, pero moitos deles están ansiosos por explorar novos camiños para avanzar no seu traballo. A tradición está sometida a continuos cambios. Para nós foi unha preocupación constante como poder adaptar estes estilos artísticos ao formato dun libro infantil actual sen perder a esencia orixinal. Cada intervención supón certa responsabilidade. Ademais, se cadra non todos os artistas que encontramos queren innovar – só son as persoas aventureiras as que procura o experimento. Moito depende tamén da tradición – e do que permite. Por iso, a nosa colaboración con estes artistas concrétase de diversas maneiras: ás veces animabámoslos a ilustrar historias novas, e outras veces a que contasen as propias. Non hai unha fórmula, cada proxecto require unha intervención diferente.



Nalgúns casos abonda con inspirar unha colección de arte nun concepto forte.

Noutros casos axuda máis manter a maneira básica de pintar dos artistas, pero achegándose a un tema novo.

Algúns elementos tradicionais permiten ser enfocados en direccións totalmente novas.

Calquera que sexa a dirección dun proxecto particular, a nosa colaboración baseábase nunha premisa básica. Queriamos que cada artista fose un “autor”, o creador activo dun libro. Así que ao traballar cun artista dunha tradición particular, o libro non é “sobre” esta tradición –non é un documental. É a localización física desde a que a expresión artística nos fala e conta a súa historia.

Para facermos isto con éxito, o libro debería comunicar da maneira prevista. Cando isto ocorre, o neno lector de feito identifícase co protagonista. Se este protagonista é un individuo que normalmente é “invisible”, daquela o libro terá un efecto transformador, e publicar convértese nun acto político. Se o poder se trata daquilo que ten voz para falar e definir a realidade, ao dar poder de actuación a aqueles que normalmente non son escoitados, damos a entender que as súas habilidades e experiencias teñen valor, que paga a pena que sexan preservadas y transmitidas. O reto non consiste en presentalos como marxinados e exóticos, nin encadralos. Son os nosos semellantes e crean normas que son tan universais como aquelas dos sectores maioritarios.

Que achegan estas voces á literatura infantil? Se cadra parece doado expoñer os nenos a unha variedade real de perspectivas, pero de feito é unha das cousas máis difíciles de conseguir, nomeadamente hoxe en día. Na actualidade, parece que temos moito máis onde escoller que nunca, pero a maioría é realmente homoxéneo –en todo o mundo se venden libros populares, en todo o planeta se emiten programas de televisión, en todas partes se pode acceder aos contidos de internet. Todo isto nos ofrece a ilusión



de ter unha chea de posibilidades, pero ao mesmo tempo provén de fontes moi similares e limitadas que teñen o poder de facerse escoitar, e por iso son máis estrepitosos. Dito doutro xeito, en gran parte son o mercado e os medios os que deciden o que se publica e o que paga a pena escoitar. Isto tamén é o poder do mundo editorial dominante.

Pero esta situación tamén podería ser interpretada como timidez, como a busca de seguridade na repetición de fórmulas que venden. Dentro destes esquemas hai un lugar para a innovación, pero sempre ha de moverse dentro do aceptable e familiar. A diversidade é benvida, pero só se pode ser acomodada dentro do coñecido. A diferenza xenuína, por outro lado, é radical e reconece a multiplicidade de experiencias que se encontra por definición fóra do normativo e o habitual. Esta diferenza é unha calidade que ha de ser celebrada, en vez de temida. Neste senso, a universalidade non ha de ser concibida como uniformidade global, senón como o recoñecemento dunha humanidade común que procede da empatía con aqueles que non son iguais a nós.



*Leer el Mundo*  
*Read the World*  
*Ler o Mundo*